



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Lugo, **02 ABR. 2025**

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Sr. D. Alfonso Carrasco Rouco, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do “*Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que



xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Lugo

Pola súa banda, a Diocese de Lugo comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico


Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínanos e rubricánonos por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,
José Carlos López Campos



O bispo da Diocese de Lugo
Alfonso Carrasco Rouco



A handwritten signature in blue ink, corresponding to the name Alfonso Carrasco Rouco.



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE LUGO, ANO 2025

BEN: igrexa de Ribeiras de Miño (parroquial de santo André)
SITUACIÓN: Lugar do Babelo, parroquia de Ribeiras de Miño, Pantón (Lugo)
PROTECCIÓN: A igrexa de Ribeiras de Miño (parroquial de santo André) situada no concello de Pantón (Lugo), da que forma parte o retablo maior e as súas imaxes, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Pantón_34720; conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo localízase na Ribeira Sacra que foi declarada ben de interese cultural coa categoría de Paisaxe Cultural polo Decreto 166/2018.

ACTUACIÓN: Restauración dos retablos laterais de san Amaro e a Inmaculada da igrexa de santo André de Ribeiras de Miño, Pantón (Lugo) (SAR-2024-0204.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 2,5 meses

DESCRICIÓN:
<p>A igrexa é do século XVIII con vestixios de épocas anteriores e reformas moi recentes.</p> <p>A nave é rectangular cunha capela no lateral esquerdo, o arco triunfal é de medio punto con dentes de serra nas impostas e a capela maior cadrada dispón dunha cuberta a unha sola auga con porta de tipo románico. O frontis ten unha porta de arco de descarga, óculo enriba dela e espadana de dous vans.</p> <p><u>Retablo da Inmaculada</u></p> <p>Este retablo é de estilo barroco, constituído por un arco de medio punto abucinado, decorado pola parte exterior con ricas rocallas separadas por medallóns que presentan diferentes elementos de carácter simbólico (lúa, sol, pozo e edificacións), dentro do que existe unha pequena fornella sen imaxe decorada con motivos florais. A ambos lados da fornella sitúanse estípites ricamente decorados.</p> <p>O intradós do arco está dividido en cinco casetóns decorados con medallóns que presentan diferentes motivos; o superior presenta o monograma de IHS "I": Iesus (Jesús), "H": Hominum (de los hombres), "S": Salvator" (Salvador) = Jesús, Salvador de los hombres. Actualmente ten situada sobre o mesado, unha imaxe da Virxe Inmaculada, que oculta a fornella central.</p> <p><u>Retablo de san Amaro</u></p> <p>O retablo é de estilo barroco, constituído por predela, corpo principal e ático. O corpo principal está dividido en tres rúas, separadas por columnas de fuste liso decoradas con grilandas, rematadas en capiteis de estilo corintio, que forman un todo co fuste.</p> <p>A fornella central, de arco trilobulado, acolle a imaxe de san Amaro e está adiantada con respecto ás fornellas laterais. As laterais presentan un fondo escuro, decorado con motivos vexetais pouco destacados. Na fornella dereita está colocada unha imaxe dun Sagrado Corazón de Xesús de época recente e na fornella esquerda hai depositados uns pequenos bustos, aparentemente cerámicos e de época recente de pequeno tamaño, que non corresponden co conxunto retablístico.</p>



A predela está dividida en tres partes: na central sitúase o sagrario e nas laterais as ménsulas que servirían de soporte as imaxes das fornelas superiores.

Na zona central do ático, existe unha fornela de pequenas dimensións, pero coa mesma profundidade que a fornela central, que actualmente carece de imaxe. No seu lugar, colocouse un floreiro, que rompe a lectura do conxunto do retablo.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Retablo da Inmaculada

O estado de conservación do retablo é bastante malo, debido principalmente ao mal estado no que se atopa a preparación e a policromía.

Presenta na totalidade do conxunto numerosas lagoas no substrato pictórico e desprendementos nas zonas douradas; desaxustes de tipo estrutural, máis salientables na zona interior (fornela) e forte oxidación da capa de protección.

Retablo de san Amaro

O estado de conservación do retablo é bastante malo, presenta unha patoloxía parecida ao retablo de Virxe Inmaculada.

Fortes desprendementos nas zonas de policromía debido ao mal estado da preparación, o que provocou fortes desprendementos na zona da predela e do ático, nas que non existe apenas policromía.

A zona esquerda do ático ten manchas de gran tamaño, probablemente producidas por filtracións de auga a través da cuberta (actualmente non se perciben filtracións).

O conxunto do retablo está apoiado sobre unha táboa de colocación recente, unida directamente ao muro por escuadras.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As necesidades que se pretenden cubrir coa restauración radican na necesidade de realizar labores de desinsectización co fin de eliminar ataques por parte de insectos xilófagos así como previlos no futuro, consolidación do soporte nas zonas debilitadas, reintegración de volumes e fendas sempre que supoñan un risco para estabilidade do conxunto, fixación da policromía, realización dunha limpeza físico-química da capa de protección fortemente escurecida por procesos de oxidación ao longo do tempo que altera considerablemente a valoración do cromatismo orixinal dos retablos, tratamento de metais, eliminación de repintes puntuais en caso de que existan, carpintería de restauración, retirada de elementos alleos ao retablo, estucado das zonas onde non exista preparación, reintegración cromática con técnicas discernibles co fin de propiciar unha mellor lectura do conxunto e aplicación dunha nova capa de protección.

A intervención recolle as necesidades descritas acometendo os traballos necesarios que acadan a solución da patoloxía detectada e permitan a recuperación do ben cultural.

Os traballos necesarios para acadar a restauración dos retablos resúmense en:

1ª FASE

- Redacción de proxecto e implantación de medios auxiliares.

2ª FASE



- Empapelado e sentado das zonas de policromía que presenten levantamentos e perigo de desprendemento, previo a calquera actuación no propio retablo.
- Revisión da estrutura e dos elementos decorativos da zona do ático para a súa avaliación e axuste en caso necesario. Así como comprobación dos elementos de apoio actuais e reforzo en caso necesario.
- Limpeza con procedementos mecánicos da sucidade superficial.
- Apeo das imaxes do retablo.
- Desinsectización preventiva.
- Consolidación do soporte.
- Fixación da policromía.
- Retirada de elementos alleos á obra.
- Limpeza físico-química: a finalidade desta actuación será devolverlle á obra as súas características cromáticas e de luminosidade orixinais.
- Reintegracións volumétricas e resaneado de gretas: sempre que o ben o requira para unha mellor lectura do conxunto reintegraranse as faltas volumétricas.
- Estucado de lagoas coa aplicación dun aparello de xeso e cola animal de características similares ao orixinal.
- Reintegración cromática: empregaranse materiais reversibles (acuarelas e pigmentos ao verniz) con técnicas discernibles en relación á policromía orixinal.
- Protección final coa finalidade de protexer a obra dos diversos axentes externos, procederase á aplicación dun verniz final.

3ª FASE

- Redacción de memoria final.



BEN: igrexa de Parada (parroquial de san Tomé)
SITUACIÓN: Eirexe, Parada, 36052 Silleda (Pontevedra)
PROTECCIÓN: A igrexa de Parada (parroquial de san Tomé) situada no concello de Silleda (Pontevedra), da que forma parte o retablo maior, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOM do Concello de Silleda do 2.01.2023 (BOP 8.05.2023) co código de elemento 22.01, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Silleda_70309.

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Tomé de Parada, Silleda (Pontevedra) (SAR-2025-0034.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN: A igrexa de Parada (parroquial de san Tomé) é de estilo neoclásico con planta rectangular, a ábsida na parte traseira e unha capela á súa dereita. Está realizada en perpiaño de boa calidade, cuberta a dúas augas, salvo a ábsida que é a catro augas e a capela a tres. A fachada ten unha porta decorada con cruces e alintelada con molduras, encima un pequeno óculo ao que lle engadiron un farol moderno e un altofalante para que o discurso do cura chegue aos que quedan fóra. A fachada remata cunha cornixa adornada con pináculos piramidais con borla. Destaca a espadana de dobre corpo, aínda que tan só ten campás no corpo inferior que está adornada con pináculos piramidais e unha cruz na parte máis alta. Nun dos muros destaca a escaleira en forma de caracol para acceder ao campanario. Na porta da fachada ten unhas cruces a modo de apertura para que entre a luz. O retablo maior é tamén de estilo neoclásico realizado en madeira de castiñeiro policromada e dourada. Ten unha decoración sinxela, cornixas de frisos simples, columnas de orde clásica con corpo central destacado formando un camarín coroado polo <i>Triángulo Divino</i> , enmarcado por raios dourados e flanqueado por dous anxos en posición orante. O resto do retablo exerce de pano de fondo para esta estrutura principal, dividido en tres rúas (a central de maior tamaño) enmarcadas con pilastras cadradas. As dúas rúas laterais simétricas decoradas cunha fornela de arco de medio punto nas que se colocan as tallas, dúas figuras masculinas con hábito franciscano e tonsura. Sobre estes arcos vense uns tondos policromados que están moi perdidos polo que non se poden identificar as imaxes. O espazo central está enmarcado por catro columnas de gran tamaño con capiteis corintios que sosteñen unha cornixa ancha de forma trapezoidal refundida no centro. No espazo central, rodeado de columnas, colócase unha bancada sobre a que se levanta un templete para albergar a imaxe de san Tomé. O templete está formado por un arco dobre de medio punto sostido por tres columnas nos laterais e que da acceso a un espazo semiabovedado no que se coloca a imaxe. Aos pés da bancada hai unha talla de <i>Cristo Crucificado</i> . No retablo aparecen catro tallas máis que non se corresponden técnica nin estilisticamente coa obra. Trátase dunha talla de san Roque, Sagrado Corazón,
--



santa Lucía e unha imaxe da Virxe co Neno nos brazos.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo está moi deteriorado debido ao deficiente estado no que se atopaba a igrexa no pasado.

A igrexa sufriu filtracións de humidade a través das cubertas que provocaban regueiros continuos de auga en diversos puntos da sancristía e da zona da cabeceira e a nave. A humidade constante provocou a desaparición da policromía en numerosos puntos da obra, filtracións da capa preparatoria cara a superficie, desprendementos e levantamentos en escamas debido á falta de adhesión entre capas.

Tamén como efecto das humidades obsérvanse podremias e colonizacións de fungos en algúns puntos da madeira estrutural aínda que non chegou a provocar danos graves.

As principais alteracións que se observan son:

1. Estrutura

- ataque de insectos xilófagos
- podremia
- desprazamento de pezas froito dos movementos mecánicos
- elementos metálicos oxidados
- perdas puntuais de volume.

2. Capas preparatorias e policromías

- sucidade superficial
- restos de cera e sucidade produto de combustión de velas
- perda de adhesión entre capas
- lagoas de policromías e preparación
- levantamentos en escamas
- pulverulencia en policromías
- migración do material por efecto da humidade.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:


A intervención recolle as necesidades descritas acometendo os traballos necesarios que acadan a solución da patoloxía detectada e permitan a recuperación do ben cultural.

Os traballos necesarios para acadar a restauración do retablo resúmense en:

- limpeza mecánica da sucidade superficial coma po, restos biolóxicos non adheridos...
- fixado de policromía previa realización de probas para determinar o tratamento máis adecuado
- limpeza química
- saneado / consolidación do soporte
- reintegración formal, fisuras e gretas
- tratamento de elementos deteriorados
- desinsectización
- revisión de ancoraxes e apoios



- estucado / desestucado nas superficies de faltas
- vernizado
- elaboración de memoria final da intervención.





BEN: igrexa de Esperante (parroquial de santa Olaia / Santalla)
SITUACIÓN: Airexe, Esperante, 27028 Lugo
PROTECCIÓN: A igrexa de Esperante (parroquial de santa Olaia / Santalla) situada no concello de Lugo) ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOM do Concello de Lugo (primeira aprobación definitiva parcial condicionada 29.04.2011, DOG 16.05.2011) co código Esperante (ES)-1, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Lugo_31441.

ACTUACIÓNS: Restauración da igrexa de santa Olaia de Esperante de Lugo (SAR-2025-0035.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 5 meses

DESCRICIÓN:
<p>Segundo o estudo realizado no ano 2008 polo arqueólogo Enrique Alcorta Irastorza, o templo atópase actualmente moi alterado ou reformado, debeu ser reconstruído en varias fases, procedendo dun inicial prerománico ou incluso tardorománico. Segundo este arqueólogo, os grandes arcos de granito que se aprecian nas fachadas laterais, poderían formar parte dunha planta inicial da igrexa de cruz grega, eliminándose os brazos norte e sur na reforma románica ou outras máis tardías.</p> <p>A igrexa atópase nun recinto pechado cun cemiterio parroquial, con acceso a través dun pórtico de pedra enmarcado entre as tumbas e unha edificación auxiliar contigua. Existe un paso formigonado de aproximadamente 1 metro de ancho que nos conduce directamente á porta da fachada lateral dereita. Esta porta lateral atópase no centro do arco que foi tapiado da capela lateral desaparecida da primitiva planta en cruz.</p> <p>Hoxe en día componse de nave maior única rectangular, con cuberta de madeira e pizarra a dúas augas (renovada aproximadamente no ano 2002) e presbiterio no mesmo eixe, de menor anchura e altura, abovedado en pedra, cuberto tamén con pizarra a dúas augas na mesma dirección que a cuberta da nave.</p> <p>O presbiterio contrarresta os empuxes da bóveda con contrafortes de pedra granítica da zona, dous a cada lado, sendo estes elementos sobresaíntes da fachada os que xeran pequenas entradas de humidade no interior da igrexa, ao contar cun moita vexetación na súa coroación.</p> <p>A dirección principal da igrexa coincide coa orientación este-presbiterio, oeste-fachada principal, contando finalmente cun pequeno corpo acaroado ao lateral norte-fachada lateral esquerda dende o fronte, destinado a sancristía. Este corpo lateral cóbrese coa prolongación do faldrón correspondente e pode que un dos seus muros fose en antigo da perdida capela lateral.</p> <p>A fachada principal réalzase con espadana dun corpo e un solo arco centrado no eixe coa porta principal e ventá superior.</p> <p>A igrexa susténtase a base de muros estruturais de mampostería ordinaria de pedra calcaria da zona cuns 70 cm de espesor, con esquinas, recercados de ocas e arcos de sillería de granito, empregada tamén en algún outro punto. Estes sillares graníticos atópanse en moitas esquinas redondeados, o que facilita os xiros nos pasos especialmente angostos.</p> <p>A cuberta da nave é de lousas de pizarra recentemente renovadas, sobre</p>



forxado inclinado de madeira con vigas, correas e entabado de castiñeiro. O presbiterio interiormente é abovedado de pedra revestida con morteiro de cal. Entre os seus elementos máis característicos destacamos as esquinas con sillares graníticos redondeados, os grandes arcos das fachadas laterais, o presbiterio abovedado e os contrafortes de granito, a pía da auga bendita, a pía bautismal e as columnas de mármore gris do Incio que soportan o arco entre o presbiterio e a nave.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A patoloxía da igrexa pode resumirse en:

- desprendemento dos acabados de morteiro nas fachadas (algúns repostos con morteiro de cemento)
- filtracións de auga polos muros, principalmente na zona dos contrafortes onde tamén se acumula moita vexetación que empeora a situación
- pavimento de terrazo na zona do presbiterio, inadecuado para este inmovible, tendo en conta ademais que o pavimento da nave está formado por grandes lousas de pedra
- camiño de paso feito a base de formigón que comunica o recinto coa porta lateral da igrexa
- instalacións de electricidade, iluminación interior e megafonía da igrexa nun estado moi deficiente.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención prevista para resolver a patoloxía centrarase en:

- limpeza e renovación dos panos de fachada con revestimento en mal estado, incluso reposición dos morteiros de cal onde sexa preciso e acabado con pintura de silicato
- retirada da vexetación existente nas fachadas, especialmente na zona dos contrafortes e posterior rexuntado das zonas que o precisen
- eliminación do pavimento de terrazo existente no presbiterio e substitución por outro de lousas de granito
- demolición do paso de formigón exterior e formación dun novo camiño a base de lousas de pedra colocadas sobre o terreo
- renovación da instalación eléctrica, de iluminación e megafonía
- limpeza exterior
- eliminación de panel expositor de aluminio existente no exterior.



BEN: igrexa de Vilapún (parroquial de santa Comba)

SITUACIÓN: Lugar de Vilapún, Vilapún, 27012 Cervantes (Lugo)

PROTECCIÓN: A igrexa de Vilapún (parroquial de santa Comba) situada no concello de Cervantes ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOM do Concello de Cervantes do 21.04.2022 (BOP 28.02.2022) na ficha 2.1-44, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Cervantes_28396.

ACTUACIÓNS: Reparación do lousado da igrexa de santa Comba de Vilapún, Cervantes (Lugo)
(SAR-2025-0041.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1 mes

DESCRICIÓN:

A igrexa de Vilapún está formada por unha nave a dúas augas sobre armadura con seis vigas de madeira cuberta con lousa. A vertente sur alóngase para acubillar un pórtico corrido.

O cruceiro está formado por dúas capelas laterais que se cobren cunha bóveda de medio punto. O presbiterio está aliñado coa nave e á mesma altura do cruceiro cun arco triunfal que sae dos muros laterais das capelas e cuberto cunha bóveda de canón.

A sancristía é semicircular e está na parte posterior do presbiterio cunha cuberta moi baixa de bóveda de media laranxa.

O frontis ten unha porta alintelada e espadana de dous vans cunha seteira superior.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A patoloxía da igrexa baséase nas entradas puntuais de auga a través da cuberta.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención prevista para resolver a patoloxía centrarase no repaso xeral do enlousado para reparar as goteiras existentes e evitar a entrada de auga.



BEN: igrexa de santa Mariña
SITUACIÓN: rúa Maior, núm. 65, 27057 Sarria (Lugo)
PROTECCIÓN: A igrexa de santa Marina (parroquial de santa Marina) situada no concello de Sarria ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo das Normas subsidiarias de planeamento (Adaptación a LASGA) do 30.07.1986 (BOP 13.12.1986) co código EP-6, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Sarria 37915.

ACTUACIÓNS: Obras de conservación da igrexa de santa Mariña en Sarria (SAR-2021-0147.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:
<p>A igrexa está situada no corazón do Camiño Francés e é un dos elementos protexidos deste BIC.</p> <p>A Igrexa de santa Mariña de Sarria é un edificio do século XIX, cuxa construción levou a cabo entre os anos 1883 e 1885, de volumetría sinxela e planta que se asemella a unha cruz latina.</p> <p>De acordo cos escasos datos históricos existentes a súa construción realizouse sobre o terreo ocupado previamente por unha pequena igrexa de orixe románica que se atopaba en estado ruinoso, optándose polo seu derribo e posterior construción do edificio actual.</p> <p>No ano 1883, coa achega económica procedente do testamento de don Juan María López de Almance, que fora párroco castrense da vila de Sarria, comézanse as obras do actual templo, concluídas no ano 1885.</p> <p>A planta do edificio aseméllase a unha cruz latina. O ancho da nave central coincide coa lonxitude das dúas capelas laterais que configuran o cruceiro. A ábsida atópase rodeada de dúas dependencias cuadrangulares situadas a ambos os dous lados que constitúen actualmente a sancristía e unha sala de reunións, a cal puido ser un pequeno baptisterio.</p> <p>Na súa fachada oeste dispón dunha torre central que acolle o campanario e o reloxo, con dúas torres laterais de menor altura, configurando unha fachada de tres corpos con pórtico central de entrada remarcado nun arco adiantado ao plano de fachada e soportado por senllas columnas con capiteis ornamentados. O rosetón situado na fachada aloxa o reloxo.</p> <p>A cuberta utiliza sempre a composición a dúas augas.</p> <p>Elemento singular do actual edificio é o reloxo situado na torre. Trátase dunha peza de singular relevancia na vida da poboación sarriá pola súa repetida sonoridade cada 15 minutos, repenique de campá que se escoita en todo o núcleo urbano. O reloxo posiblemente estivese instalado desde os primeiros anos do século XIX na antiga igrexa románica, vinculada ao espazo onde se celebraba o mercado, actual Praza de Juan María López, sendo trasladado ao novo edificio.</p>

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
A patoloxía da igrexa pode resumirse en: - filtracións de auga a través da cuberta de pizarra (encontros con



paramentos verticais en mal estado, remates deteriorados ou que xa nos existen...)

- material de acabado en mal estado, desprendido ou inexistente na cuberta de zinc da torre do campanario que á súa vez provocou a deterioración da estrutura soporte de madeira
- escaleira de madeira de acceso ao espazo interior da torre en mal estado e pavimento do campanario practicamente descomposto
- carpintería exterior de madeira en mal estado
- pintura, morteiros de rexuntado e revocaduras exteriores deteriorados
- deterioración xeneralizada das escaleiras de acceso ao coro e campanario
- instalacións de electricidade, iluminación e acondicionamento térmico moi precarias.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención prevista para resolver a patoloxía centrarase en:

- renovación das cubertas da nave e remate do campanario, substituíndo os elementos estruturais inservibles e repoñendo os materiais de acabado i/ formación de encontros e remates novos
- restauración de escaleiras de madeira e carpinterías de madeira incluíndo a mellora da ventilación
- eliminación do sistema de calefacción de gasóleo e substitución por outro a gas incluso mellora do sistema de impulsión de aire na igrexa
- renovación das instalacións de electricidade e iluminación
- formación de rampla de acceso para mellorar a accesibilidade
- restauración dos acabados das fachadas (rexuntados, revocaduras e pintura de ser o caso).